



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ESTUDO DO CONCELLO DE VEDRA CURSO ESCOLAR 2025/2026

Primeira. Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública para a concesión de axudas de estudos destinadas a favorecer o acceso aos estudos nas etapas de infantil, primaria, ESO, bacharelato e formación profesional básica de menores en situación de vulnerabilidade do Concello de Vedra.

Estas axudas enmárcanse dentro do Plan estratéxico de subvencións (PES) do Concello de Vedra para o período 2024/2026 (BOP A Coruña núm. 4, do 04.01.2024), concretamente, no artigo 8, liña estratéxica 1 “Asistencia Social”.

A ordenanza xeral de subvencións do Concello de Vedra (BOP A Coruña núm. 183, do 25.09.2023) será de plena aplicación na tramitación e resolución dos expedientes.

Segunda. Destinatarios/as e requisitos.

Para ser persoa beneficiaria desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda.
 - a) INFANTIL E PRIMARIA: Todos os centros públicos do Concello de Vedra.
 - b) ESO: CPI de Vedra.
 - c) Formación Profesional básica: Calquera centro público de Galicia.
 - d) BACHARELATO: Calquera centro público de Galicia.
 - e) O alumnado con necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un centro de educación especial de Galicia.
- 2) A idade do alumnado estará entre os 3 e os 25 anos, ambos incluídos.
- 3) Que a renda per cápita non supere os límites establecidos na base 6ª da presente convocatoria.
- 4) A persoa solicitante e a persoa beneficiaria da axuda deberán estar empadroados/as no Concello de Vedra no momento de presentación da solicitude e ser fillo/a dependente economicamente.
- 5) Cumprir os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 6) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais/nais, titores/as e representantes legais. No caso de alumnado de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén as propias persoas beneficiarias.

Terceira. Solicitudes e documentación necesaria.



correo@concellodevedra.gal

3.1. As solicitudes para a concesión desta axuda formalizarase no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse no Rexistro Xeral do Concello de Vedra, na Sede Electrónica <https://sede.vedra.es/sxc/gl/index.html> ou ben a través da páxina web municipal www.concellodevedra.es

3.2. A documentación necesaria para a tramitación do expediente será a seguinte:

- **Anexo I: Modelo de solicitude e declaración responsable** de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e **autorización** ao Concello de Vedra para que realice as comprobacións oportunas durante o proceso. Cando o beneficiario/a sexa menor de idade a declaración será asinada polo representante legal que figure como solicitante.
- **Libro de familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar ou certificado do Rexistro Civil do nacemento do alumnado.
- **Declaración da renda correspondente ao último exercicio fiscal (declaración de IRPF do exercicio fiscal 2024)** das persoas proxenitoras ou titores/as legais e das persoas beneficiarias en caso de estudantes de entre 18 e 25 anos. No caso de alumnado de entre 18 e 25 anos que desenvolva actividade laboral ou perciba outros ingresos, computaráselle ditos ingresos ao 50%. No caso de non estar obrigados/as a presentar a declaración do IRPF, fotocopia do certificado de imputacións de IRPF. Para poder obtelo, a persoa interesada pode acceder ao mesmo a través do seguinte enlace da Axencia tributaria: <https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/procedimientoini/G306.shtml>
- **Certificado ou xustificante da matrícula** expedido polo centro educativo ou resguardo de ter pagada a matrícula co selo bancario, de ser o caso, no que conste a identificación do alumnado e dos estudos.
- De ser o caso, **informe de períodos de inscricións do Servizo Público de Emprego de Galicia que acredite a situación de desemprego** por un período superior a 6 meses durante o ano 2025 dalgún membro da unidade familiar.
- De ser o caso, **certificado de familia monoparental** emitido pola Xunta de Galicia. Entenderase por familia monoparental á definición que se establece na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar solicitarase informe do/da traballador/a social do departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra.
- Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar. **Sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador** no que se determine a custodia e a pensión de alimentos e gastos extraordinarios.



correo@concellodevedra.gal

- **Xustificante de titularidade de conta bancaria** na que se procederá ao pagamento e que deberá coincidir co nome da persoa solicitante.
- No caso de presentar solicitudes para varios irmáns/ás, non é necesario duplicar documentación.
- De ser o caso, documentación xustificativa de ausencia de ambos os dous proxenitores.

3.3. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña expresamente á súa consulta:

- DNI ou NIE persoa solicitante.
- Certificado de empadramento colectivo
- Ausencia de débedas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)
- Ausencia de débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS)
- Ausencia de débedas co Concello de Vedra
- Certificado de discapacidade ou da situación de dependencia emitido pola Xunta de Galicia. No caso de certificados emitidos por outra Comunidade Autónoma deberase achegar xunto coa solicitude.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado na solicitude (Anexo I) e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Cuarta. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

4.1. As solicitudes e documentación poderanse presentar nalgún dos seguintes lugares:

- a) Sede electrónica do Concello de Vedra: <https://sede.vedra.es/sxc/gl/index.html>
- b) Rexistro xeral do Concello de Vedra, de luns a venres, en horario de atención ao público (de 9:00 a 14:00 horas).
- c) En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP).

4.2. O prazo de presentación de solicitudes será de **20 DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**. Enténdese por días hábiles todos agás os sábados, domingos e festivos, segundo a LPACAP.

Quinta. Contía das axudas

5.1. O Concello de Vedra aboará as axudas ás persoas beneficiarias que reúnan todos os requisitos previstos na base 2ª e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base 3ª.

correo@concellodevedra.gal

5.2. Os importes máximos das axudas, por alumnado e curso serán os que se reflicten na seguinte táboa:

CURSO	IMPORTE
Educación Infantil, primaria e ESO	250 €
Alumnado en centros de educación especial, bacharelato e formación profesional básica	300 €

Sexta. Valoración das solicitudes

6.1. Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita e o exercicio fiscal último, isto é, o correspondente ao ano 2024. A renda per cápita anual englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

6.2. O cálculo da renda per cápita anual realizarase da seguinte forma:

1. Nos supostos de presentación de declaración de IRPF sumaranse os importes correspondentes aos seguintes conceptos:
 - 1) Base imponible xeral
 - 2) Base imponible do aforro
2. Nos supostos de certificados de imputacións de IRPF aos rendementos do traballo restaráselle o importe dos gastos deducibles.
3. No suposto de proxenitores separados ou divorciados legalmente computarase o importe da pensión de alimentos e a dos gastos extraordinarios dos/as fillos, multiplicados por doce meses para calcular a contía anual.
4. O resultado obtido de sumar os importes das contías dos puntos anteriores dividirase entre o número de membros da unidade familiar, tendo en conta as seguintes especificacións:
 - 1) No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita anual, incrementarase en 1 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
 - 2) No caso de ausencia de ambas as dúas persoas proxenitoras, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase en 2 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

6.3. Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar**:

- 1) As persoas proxenitoras non separadas legalmente e, no seu caso, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- 2) Os/as fillos/as menores de idade, con excepción das persoas emancipadas.
- 3) Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados/as xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

correo@concellodevedra.gal

- 4) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda.
- 5) Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polas dúas persoas proxenitoras e todos os seus descendentes que convivan con elas e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- 6) No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva coa persoa solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo/a cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva coa persoa solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine esta, ou convenio regulador onde conste a custodia do/da menor.

6.4. A valoración das solicitudes presentadas efectuaranse segundo o seguinte cadro de puntuacións:

Renda per cápita anual	Puntuación
De 0 € a 2.000 €	10
De 2.001€ a 4.000€	7
De 4.001€ a 6.000€	5

As rendas per cápita anuais superiores a 6.000€ non terán dereito a axuda.

As solicitudes serán ordenadas de maior a menor puntuación. En caso de igual puntuación, terán prioridade as rendas per cápitas máis baixas.

Ademais da capacidades económicas per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias:

- a) Se algún menor da unidade familiar ten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou situación de dependencia valorada polo SAAD, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais. No caso de que sexa un dos proxenitores o que a teña recoñecida, puntuarase con 1 punto adicional.
- b) Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano en curso, incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

Sétima. Importe máximo e crédito orzamentario

7.1. O importe total para axudas de ensino prevese en **8.000 euros**, imputados ao crédito do exercicio 2025 na aplicación orzamentaria número 231-48004.

Oitava. Do procedemento de concesión das axudas

8.1. Aquelas persoas que presenten solicitudes que veñan incompletas serán requiridas para que procedan a súa emenda nun prazo de **10 DÍAS HÁBILES**. No suposto de non completar a documentación esixida no prazo indicado, presentándoa nalgún dos lugares establecidos na base 4ª, declararanse desistidas.

8.2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora detallada na base 10ª conforme aos criterios establecidos na base 6ª.



correo@concellodevedra.gal

A **listaxe provisional** de concesión e recoñecemento do pagamento será aprobada por Resolución de Alcaldía e publicada no taboleiro anuncios do Concello <https://sede.vedra.es/opencms/gl/informacion/> e na páxina web municipal www.concellodevedra.gal

Na resolución pola que se aprobe a listaxe provisional incluírase a data de apertura dun prazo de **5 DÍAS HÁBILES**, a contar desde o día seguinte á publicación da mesma, para formular alegacións e reclamacións oportunas por escrito e presentándoas nalgún dos lugares establecidos na base 4ª.

8.3. Transcorrido o prazo de 5 días hábiles mencionado a comisión avaliadora valorará as alegacións e reclamacións presentadas e emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola intervención municipal. A **listaxe definitiva** será sometida á aprobación mediante Resolución de Alcaldía e publicárase no taboleiro de anuncios do Concello de Vedra e na páxina web municipal. No suposto de que non se presenten alegacións e reclamacións no prazo indicado a resolución provisional da resolución da alcaldía entenderase definitiva e procederá ao abono da axuda.

8.5. O prazo máximo para resolver a concesión das axudas será de 3 meses a contar desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. A falta de publicación no prazo indicado lexitima aos interesados para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, de acordo coa LPACAP.

8.6. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa. Contra á mesma a persoa interesada poderá interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, regulado na LPACAP, no prazo de 1 mes contado a partir do seguinte ao da notificación da resolución ou desde o seguinte a aquel no que a solicitude poida entenderse desestimada por silencio administrativo.

Así mesmo, tamén poderá interpoñer, de acordo coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, recurso contencioso administrativo perante o xulgado Contencioso administrativo, no prazo de 2 meses contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de 6 meses a contar desde o día seguinte á data na que poida entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Novena.-Compatibilidade

A percepción destas axudas será COMPATIBLE coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

Décima.-Comisión avaliadora

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

1. Presidente: O Alcalde, ou Concelleiro/a en quen delegue.
2. Secretario: O/a Secretario/a-Interventor/a municipal ou persoa en quen delegue.
3. Tres vogais: sendo un deles obrigatoriamente un profesional técnico do departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra.

Undécima.-Xustificación



correo@concellodevedra.gal

Esta subvención concédese en atención á concorrencia dunha determinada situación do perceptor (cumprimento da base 2º), e non requirirá outra xustificación que a acreditación da situación da dita situación previamente á concesión.

Disposición adicional:

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación o que se dispón na ordenanza xeral de subvencións do Concello de Vedra, na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Vedra, a 11 de xullo de 2025

O Alcalde- Presidente (documento asinado dixitalmente)

correo@concellodevedra.gal**ANEXO I****AXUDAS PARA O ESTUDO CURSO 2025/2026 DO CONCELLO DE VEDRA****DATOS IDENTIFICATIVOS:**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE
Apelidos e nome:
DNI/NIE:
Enderezo:
Teléfono:
Correo electrónico:
DATOS DO/A ALUMNO/A
Apelidos e nome:
DNI/NIE:
Centro de estudos:
Curso escolar:

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

1. Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
2. Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
3. Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

COMPROBACIÓN DE DATOS:

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos:	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE persoa solicitante.	☐
Ausencia de débedas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria	☐
Ausencia de débedas co Concello de Vedra	☐
Ausencia de débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social	☐
Certificado de empadramento colectivo	☐
Certificado de discapacidade (indicar membro da unidade familiar que o teña recoñecido): _____	☐
Situación de dependencia (indicar membro da unidade familiar que o	☐



correo@concellodevedra.gal

teña reconecido): _____	
-------------------------	--



DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA:

- Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Declaración da renda do exercicio fiscal 2024 das persoas proxenitoras ou titores/as legais e das persoas beneficiarias en caso de estudantes de entre 18 e 25 anos. No caso de non estar obrigados/as a presentar a declaración do IRPF, certificado de imputacións de IRPF.
- Certificado ou xustificante da matrícula expedido polo centro educativo ou resguardo de ter pagada a matrícula co selo bancario.
- De ser o caso, informe de períodos de inscricións do Servizo Público de Emprego de Galicia que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2025 dalgún membro da unidade familiar.
- De ser o caso, certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia.
- De ser o caso, documentación xustificativa de ausencia de ambos os dous proxenitores.
- De ser o caso sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador.
- Xustificante de titularidade de conta bancaria da persoa solicitante.
- Outros documentos que acrediten circunstancias excepcionais.

TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS:

Mediante a firma da presente solicitude autoriza ao Concello de Vedra a utilizar o nome e apelidos das persoas solicitantes para a publicación das listaxes provisional e definitiva, así como a publicación das mesmas no taboleiro de anuncios do Concello de Vedra e na páxina web <https://www.concellodevedra.es>.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Vedra.

Vedra, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura: _____



correo@concellodevedra.gal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)